



Transferencia de Crédito 016-T/21 (39/21)
Expte. Cívidas nº 2021046138
Expte. relac: 2021044517
TR – 016/2021

DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, (ref: JFC/200/2021), de data 02/12/2021, asinado tamén polo Sr. Alcalde-Presidente e pola Sra. Concelleira delegada de Facenda, na mesma data, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería delegada da área de Educación, mediante Providencia asinada polo Sr. Alcalde-Presidente, en data 25/11/2021, e visto o informe favorable emitido pola Intervención Xeral de 13/12/2021 (ref: 16-T/21), en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o número 14 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 016-T/2021, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 3

A) APLICACIÓNS QUE RECIBEN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N200.3230.21200	Rep., mant. e conserv. edificios Enseñanza	40.000,00
N200.3260.22610	Programas diversos servizo municipal Educación	60.000,00
Total Transf. Positivas:		100.000,00 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N180.3340.22628 (RCMOD nº: 20210006954)	Gastos programación cultural Auditorio	100.000,00
Total Transf. Negativas:		100.000,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e ó **Servizo de Educación** para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Así o manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior Accidental, dou fe.

